

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3790 *Real decreto 200/2009, do 23 de febreiro, polo que se derrogan determinadas disposicións que inciden nas normas de calidade para a manteiga destinada ao mercado nacional.*

O Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, polo que se aproba o texto do Código alimentario español, establece a normativa relativa á manteiga na Sección 2.^a, «Derivados do leite», pertencente ao capítulo XV, correspondente a «Leites e derivados».

Esta norma complementábase co establecido na Orde do 7 de xaneiro de 1975, pola que se aproba a norma para a manteiga destinada ao mercado nacional, modificada en parte pola Orde do 31 de outubro de 1977 e derogada parcialmente, no relativo a aditivos, polo Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Porén, os requisitos recomendados para a comercialización da manteiga no comercio internacional están recollidos na norma do Codex Alimentarius Codex STAN 279-1971 (anteriormente Codex STAN A-1-1971, Re.1999, Amended 2003, 2006).

Por outra parte, as normas que actualmente debe reunir a manteiga son obxecto dunha harmonización máis completa no seo da Unión Europea mediante unha serie de regulamentos cuxo contido difire do aínda formalmente vixente en España e que convén derrogar para evitar confusións acerca da norma aplicable.

En concreto, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM) establece, no anexo XV, as normas de comercialización aplicables ás materias graxas para untar, entre as que se inclúen as definicións, as denominacións, a etiquetaxe e as características de composición e calidade dos diferentes tipos de manteiga.

No que respecta ás normas sanitarias, actualmente tamén se encontran harmonizadas na Unión Europea mediante os regulamentos (CE) n.º 852/2004 e 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativos, respectivamente, á hixiene dos produtos alimenticios e á hixiene dos produtos de orixe animal e o Regulamento (CE) n.º 2073/2005 da Comisión, do 15 de novembro, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios.

Por outra parte, hai que ter en conta diversas disposicións nacionais de carácter horizontal relacionadas cos alimentos en xeral, como son o Real decreto 1334/1999, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, e o Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Con respecto á toma de mostras e determinacións analíticas recollidas no anexo único da mencionada norma de calidade, actualmente son aplicables os métodos fixados a escala comunitaria ou, no seu defecto, os establecidos nas normas ou protocolos internacionalmente recoñecidos ou os aceptados na lexislación nacional, segundo ordena o artigo 11.1 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

En consecuencia, dado que as características da manteiga se encontran actualmente reguladas pola normativa da Unión Europea, considérase procedente a derogación de varios preceptos da sección 2.^a do capítulo XV do Código alimentario español, así como

da mencionada Orde do 7 de xaneiro de 1975, en prol dunha maior claridade e seguranza xurídica, favorecendo o desenvolvemento racional do sector lácteo.

No proceso de tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados, e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do ministro de Sanidade e Consumo e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. Derrogación parcial do Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, polo que se aproba o texto do Código alimentario español.

Derróganse os números 3.15.19 a 3.15.25, ambos inclusive, da sección 2.^a, do capítulo XV, do Código alimentario español, aprobado polo Decreto 2484/1967, do 21 de setembro.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogada a Orde do 7 de xaneiro de 1975, pola que se aproba a norma de calidade para a manteiga destinada ao mercado nacional.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Este real decreto dítase de conformidade co disposto nos ordinais 13.^a e 16.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva nas materias de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ